

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 15 de xullo de 2009

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudosio Álvarez Álvarez

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día quince de xullo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular acctal. do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1002).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1003).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DO LOTE 1 DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PRODUCCIÓN DAS FESTAS DE VERÁN 2009 E DECLARAR DESERTOS OS LOTES 2 E 3. EXPTE. 3128/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta, do 14.07.09 da secretaria da Mesa de Contratación, Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a MEDIA ARTICKET, S.A., o lote 1 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción integral das festas de verán do ano 2009 (expediente 3128/335) por un prezo total de 170.326, 80 euros (a cota correspondente o IVE é de 23. 493, 35 euros).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22-06-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.

b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido. As garantías poderán constituírse por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

4º.- Declarar desertos os lotes 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de produción integral das Festas de Verán do ano 2009.

3(1004).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS LOTES 2 E 3 DA PRODUCCIÓN DAS FESTAS DE VERÁN 2009. EXPTE. 1273/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 15.07.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 15.07.09, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declara-la urxencia na tramitación do expediente 3273-335 para a contratación do servizo de produción integral das festas de verán 2009 do concello de Vigo polas causas expostas no fundamento sétimo da parte expositiva de este informe.

2º.- Aproba-lo gasto de 286.752 euros (Lote 2: 141.520 euros e Lote 3: 145.232 euros) para a contratación do servizo de produción integral das festas de verán 2009 do concello de Vigo que se imputarán a partida 4512.226.08.05 do presuposto do ano 2009.

3º Aproba-lo expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade do servizo de produción integral das festas de verán 2009 do concello de Vigo que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 15-07-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 15-07-2009.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista cursando invitacións a tres empresarios para que presenten ofertas.

4(1005).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA CONTRATACIÓN DA DIFUSIÓN DAS FESTAS DE VERÁN 2009. EXPTE. 3083/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 10.07.09, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a ANÓNIMO PUBLICIDAD, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da difusión das festas do ano 2009 (expediente 3083-335) por un prezo total de 68.995, 94 euros (a cota correspondente o IVE é de 9. 516, 68 euros).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22-06-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.

b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido. As garantías poderán constituírse por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 2º da proposta.

5(1006).- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MONTAXE E INSTALACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DO PROGRAMA CASTRO CATIVO 2009. EXPTE. 3027/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 10.07.09, conformado polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar provisionalmente a PRIME TIME ORGANIZACIÓN DE EVENTOS Y PUBLICIDAD, S.L., o procedemento negociado con publicidade para a contratación do SERVIZO DE MONTAXE E INSTALACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DO PROGRAMA CASTRO CATIVO 2009 por un prezo total de 55. 045, 48 euros (a cota correspondente o IVE é de 7.592,48 euros) e coas seguintes prestacións adicionais:

- 1 inchable máis un monitor valorado en 2.250 €.
- 1 inchable multiobstáculos máis un monitor valorado en 2.800 €.
- 1 mesa cambia cueiros co cubo valorado en 100 €.

- 1 inchable pegamoscas máis un monitor valorado en 2.250 €.

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 22-06-2009 e a oferta presentada.

2º.- No prazo dos 10 días hábiles seguintes a inserción no perfil do contratante do presente acordo, o adxudicatario provisional terá que presentar a seguinte documentación:

- a) Documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.
- b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido. As garantías poderán constituírse por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

3º.- Esta proposta de adxudicación provisional se converterá en proposta de adxudicación definitiva sen necesidade dun novo acordo da mesa de contratación, se se presentan os documentos esixidos no apartado 3º da proposta.

6(1007).- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN MUSICAL DE LA MALA RODRÍGUEZ PARA AS FESTAS DE VERÁN 2009. EXPTE. 3195/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 9.07.09, conformado polo tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, de acordo co previsto no artigo 20 da Lei 30/2007, da actuación musical de LA MALA RODRÍGUEZ, dentro do programa de concertos das Festas de Verán 2009, o día 9 de agosto ás 22:30 horas, no Peirao de transatlánticos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe de 40.002,60 euros (IVE incluído) con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 4512.226.0805 (Festas de Vigo) do programa de Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a Dna. RAQUEL SEJO ENRÍQUEZ (SWEET NOCTURNA).

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.